


## ESCANEADO EN 3D SEN CONTACTO E MDT DE PETRÓGLIFOS DO VAL MIÑOR

### INTRODUCCIÓN

O rexistro de pezas arqueolóxicas foi unha actividade constante dende o momento en que os arqueólogos comezaron a catalogar estruturas e pezas dos depósitos. A concreción da realidade arqueolóxica resultante das súas actividades fixo que os devanditos arqueólogos e persoas relacionadas co Patrimonio Arqueolóxico se preguntasen sobre conceptos como medida, formas, precisión e exactitude en relación con este patrimonio e a súa representación. Á vez que tamén se cuestionaron como salvagardar estes bens ao paso do tempo e ante axentes externos propios da natureza ou máis preocupantes dos propios humanos. É por este motivo que faise cada vez máis necesario e importante a representación do Patrimonio en modelos dixitais tridimensionais (MDT) con exactitudes a nivel de microns como fonte de estudo, coñecemento, divulgación, conservación, preservación e replicado.

Unha das opcións máis óptimas para a representación de pezas e depósitos arqueolóxicos cunha exactitude micrométrica. Para lograr estes modelos 3D utilízanse escáneres de última



xeración que captan a información tridimensional mediante o uso da luz, xa sexa láser ou por luz branca. Os resultados obtidos son fieis á realidade, o que fan desta ferramenta o apoio ideal para manter vivo e en perfecto estado o rico Patrimonio existente polo noso mundo.

### **OBXECTIVO DO PROXECTO**

O proxecto que aquí se formula pretende rexistrar a nivel de

microns, unha completa información en 3 D dos principais restos arqueolóxicos dos petróglifos da área de Val Miñor, como arquivo e ferramenta de estudo, conservación, restauración, seguridade, replicado e divulgación principalmente.

### **DESCRIPCION DO PROXECTO**

O proxecto conta de dous apartados ben diferenciados:

- . Toma de datos dixital en 3 D dos petróglifos mediante técnicas de escaneo sen contacto por luz branca estruturada
- . Post-procesamento de datos e conversión destes en modelos dixitais tridimensionais.